



**ILMO. CONCELLO DE CANGAS**

(Pontevedra)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 9 de decembro de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:55 h.

HORA DE REMATE: 21:25 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Héitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTE: D. Xoan Carlos Chillón Iglesias.

SUPLENTE: D<sup>a</sup> Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 30 de novembro de 2015.

**OBRAS E SERVIZOS**

**2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

## 2.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

<b>NOME</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
G. S. C.	Cima de Vila, nº 10-A-Darbo. Autorízase a instalación de un sinal de pasaxe permanente. Así mesmo, deberá procederse á colocación de sinais de redución de velocidade ou badéns. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

## **3º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA**

Logo de ver o escrito presentado o día 06.11.2015 por J. A. G. S., no que solicita autorización municipal para ocupación de vía coa colocación de cartel publicitario do seu negocio en varios lugares, desde a rotonda do *Gordo* ata a avenida de Castroviejo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, acorda remitir a solicitude do Sr. G. S. á Consellería de Infraestruturas, por ser este organismo ao titular da vía en cuestión.

## **URBANISMO E PATRIMONIO**

### **4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 4 DE DECEMBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de

propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ao concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen

ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ao que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE N° 22.540.- LICENZA MUNICIPAL N° 22.545.-** A J. B. S., modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán igualmente ao proxecto reformado do arquitecto, José Díaz de la Iglesia, visado o día 21 de xullo de 2015, coas seguintes superficies construídas: 131,27 m2., de planta baixa, 22,50 m2., de porche, 105,60 m2., de primeiro andar, 35,70 m2., de garaxe, e 13,96 m2., de terraza e porche.

Deberá utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

**EXPEDIENTE N° 25.724.-** A M. A. C. S., para en rúa Vincenti, nº 9-Cangas, reestruturar a edificación existente en 90,90 m2., de planta baixa e 92,05 m2., de primeiro andar e 13,42 m2., de caixa de escaleira para acceso a cuberta, de conformidade co proxecto do arquitecto Diego Germade Castelo, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de enderezo e estudo de seguridade.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

*"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocós das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen coa carpintería.*

*Prohibese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.*

*As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios.*

#### 4.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 24.400.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J. E P. S. C.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, de data 25 de novembro de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J. e P. S. C., para rehabilitación e ampliación de edificio para 3 vivendas, sitas en rúa Real, n° 46-Cangas, construído ao.abeiro da licenza municipal n° 23.342.

#### 4.A.3) ARQUIVO DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE N° 25.478.-** O tramitado a instancia de F. G.-P. C., para adaptación de local existente para tenda naturista na Avda. de Bueu, n° 15-baixo-Cangas, acórdase declaralo caducado, de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer mais de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 10 de xuño de 2015, ampliado co escrito de 24 do mesmo mes.

#### 4.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ao concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ao outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE N° 20.597.- LICENZA MUNICIPAL N° 20.093.-** A J. M. M., outórgaselle un novo prazo de 36 MESES para o remate das obras de cerramento, contempladas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE N° 24.411.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.333.-** A M. R. S., outórgaselle un novo prazo de 36 MESES para o remate das obras de reparación de cuberta, contempladas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE N° 24.568.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.521.-** A M. R. S., outórgaselle un novo prazo de 36 MESES para o remate das obras de cerramento contempladas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE N° 25.766.- LICENZA MUNICIPAL N° 24.479.-** A *GAS GALICIA SDG SA*, para en rúa do Hío, nº 6-Cangas, modificar o trazado da referida licenza segundo a documentación presentada o día 27 de novembro de 2015, debendo axustarse ao mesmo condicionando da licenza e ademais, deberán repoñerse as pedras enteiras, formando ringleiras completas co despece existente nesta e co mesmo acabado do existente.

## **5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

### OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.582.- *ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO IGREXARIO DO HÍO "A FONTENOVA"*, cerramento no Igrexario-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.721.- A. G. D., revestimentos exteriores en Baixada ao Peirao, nº 11-Espiñeira-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.730.- P. I. R. L., modificación cerramento e instalación de portón en Castiñeiras, n° 53-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.732.- *I.T. LOGOS SL*, rampla acceso minusválidos en rúa Atranco, n° 4-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.733.- A. S. M., cerramento na Rosada, n° 50-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.740.- *ESTUDIO VETERINARIO CACHON Y MOSQUERA SC*, acondicionamento local en rúa Baiona, n° 22-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.786.- I. A. V., conservación de cerramentos en Rodeira.

### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.64 8.- *GALICIA MOVILES Y SISTEMAS SL*, venda de material e produtos electrónicos na Avda. Eugenio Sequeiros, n° 29-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.862.- M. Y. V. F., perruquería en rúa San Francisco, n° 13-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.894.- M. F. P., cambio titularidade perruquería en rúa Nova, n° 5-Cangas.

## **6º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

### 6.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA N° 39/2014-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 27.11.2015, referente ao expediente de infracción urbanística n° 39/2014-S, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA N° 39/2014 PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 6 de abril de 2015, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de J. P. M. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, se efectuaron no lugar de Pinténs-O Hío, obras consistentes en tapiar un oco de portal e realizar unha nave sen o recuado de 4,00 metros do eixo do camiño, sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o día 02.06.2015, J. P. M. formula alegacións ao expediente sancionador dentro do prazo conferido ao efecto manifestando en síntese que:*

- *Presentou documentación adaptada á acta de tira de cordas, procedendo a realizar as obras de legalidade urbanística.*

- *Que debe considerarse a infracción como leve.*

*Procede estimar as alegacións, visto o novo informe do técnico municipal do día 26 de novembro de 2015, no que sinala que as obras están tipificadas como leves.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que J. P. M. na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/2002, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía mil douscentos cincuenta euros (1250,00 €) . Indicar ao interesado que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reduciuse a contía da sanción nun 80%.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do RD 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do tramite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a J. P. M., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de douscentos cincuenta euros (250,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Estrada do Hío a Vilanova, consistentes en tapiar un oco de portal e realizar un novo sen o recuado de 4,00 metros do eixo do camiño.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por INFRACCIÓN urbanística nº 39/2014-S.

## **FACENDA**

### **7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO"**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 3.12.15, referente a aprobación de conta xustificativa do convenio de colaboración asinado coa "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO", que é como segue:

#### *"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO"*

*Visto o convenio asinado entre o Concello de Cangas e a 'Asociación Protectora de Animais do Morrazo', en data 23.04.2015 do que se tomou coñecemento na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 11.05.2015.*

*Visto o escrito entregado no rexistro xeral deste concello o día 24.11.2015 (entrada nº 15158) no que dona R. M. G. G., en representación da mencionada asociación, achega as facturas compulsadas como xustificación dos gastos correspondentes ó 3º trimestre do ano 2015, que ascenden a tres mil setecentos cincuenta e seis euros con corenta e sete céntimos (3.756,47 €) e solicita que o concello proceda ao pagamento de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €).*

*Examinada a conta xustificativa comprensiva dos gastos efectuados, compróbase que esta cumpre co estipulado no referido convenio, en canto a gastos subvencionables e requisitos dos documentos que acreditan a realización do gasto. Así mesmo, a beneficiaria achegou a documentación á que viña obrigada segundo o convenio suscrito, tales como declaracións responsables, documentos xustificativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, así como memoria das actuacións realizadas.*

*Visto que a competencia relativa á concesión de subvencións corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante Resolución desta Alcaldía de data 02.07.2015.*

*De acordo co exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do 3º trimestre presentada pola 'Asociación Protectora de Animais do Morrazo', relativa ao convenio de colaboración asinado con este concello o día 23.04.2015.*

*Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €) a favor da 'Asociación Protectora de Animais do Morrazo', con CIF n° G36196731, con cargo á aplicación 312-48 do vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa do convenio de colaboración asinado coa "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO"

### **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

### **A) ESCRITO DO INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE PRESTACIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE DE TRABALLADOR MUNICIPAL**

Dáse conta de notificación de resolución do día 04.12.2015 da Dirección Provincial de Pontevedra do Instituto Nacional da Seguridade Social, referente ao recoñecemento, con efectos económicos do día 26.11.2015, da prestación de incapacidade permanente en grao de absoluta ao traballador municipal J. M. M. F.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda quedar informada da resolución recaída referente ao traballador municipal, J. M. M. F.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente